

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A programación da área de Descubrimiento e Exploración da Contorna no curso de 6º de EI ten como finalidade a construción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como un todo integrado , así como as súas interrelacións ,favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno .

O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións , así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvemento das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecemos o mundo!	Esta unidade didáctica traballarase de xeito transversal durante o curso escolar e completará as outras unidades didácticas. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais que faciliten o descubrimento da contorna física e social, sempre mediante o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Terán tamén cabida nesta unidade todas as actividades que se repitan ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	70	X	X	X
2	Comunicámonos!	Nesta categoría traballaremos o nome propio, o apelido dos nenos/as e os nomes dos seus compañeiros/as e familiares máis cercanos. Tratarase pois de partir do autocoñecemento do alumnado. A par, traballaremos as singularidades, a descrición de persoas, a diversidade persoal, a igualdade de xénero ademais de comezar a expresar as emocións. Favoreceremos o traballo de propostas centradas na familia e na escola como primeiros contextos de socialización e fonte de estímulos, xerando vínculos de confianza, empatía e apego nos que se baseará o seu desenvolvemento persoal e aprendizaxe social.	35	X		
3	A nosa contorna!	Nesta unidade didáctica coñeceremos os cambios que se producen na nosa contorna coa entrada do outono. A par, de identificar elementos típicos desta época do ano tamén traballaremos as festividades desta época como é o Samaín e finalmente o Nadal. Ao largo desta unidade os nenos/as traballarán arredor desta temática actividades relacionadas co patrimonio e manifestacións artísticas da propia contorna.	35	X		
4	Que frío vai!	Nesta categoría encadramos a unidade didáctica adicadas aos cambios que se producen coa chegada da nova estación. A par traballaremos vocabulario relacionado co: inverno, a roupa propia desta estación,... ademais traballaremos os estados da auga así como as enfermidades máis comúns nesta época do ano así como a comunicación en lugares como o hospital e a farmacia. Interesa desenvolver de xeito progresivo actividades encamiñadas a potenciar o método científico, o pensamento computacional, a iniciativa investigadora e a curiosidade polo coñecemento e o descubrimento.	35		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Reciclamos!	Nesta unidade didáctica traballaremos a reciclaxe , os oficios e a compostaxe. Promocionaránse actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto por un desenvolvemento sostible.	35		X	
6	As galiñas!	Esta unidade didáctica adicarase ao coñecemento das galiñas e a produción de ovos. Coñeceremos polo tanto: o seu hábitat, a relación cos seres humanos, benifecios que nos aportan... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras.	35			X
7	As verduras da nosa horta	Nesta unidade didáctica traballaranse como temas centrais a alimentación saudable, receitas de cociña sinxelas, así como a clasificación dos produtos da nosa horta. Traballaremos conceptos relacionados co mundo vexetal, centrándonos concretamente nos produtos da nosa horta, descubriendo aspectos da agricultura, así como da vida e a alimentación saudable ... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descrición dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descrición de procesos e creación dunha horta... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras.	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecemos o mundo!	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Expon hipóteses dacordo ao seu nivel madurativo.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica algúns elementos propios do patrimonio cultural de Galicia.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicámonos!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e graffas nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas graffas, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Desplázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso .	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
3	A nosa contorna!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece algúns elementos xeométricos básicos na súa contorna.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel ,empregando o vocabulario topolóxico básico.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Estalece relacións de causa-efectos a partir dalgúns fenómenos naturais.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece algúns elementos identificativos do patrimonio natural da súa contorna	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa en festas, costumes e tradicións, propias e alleas.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica elementos propios do patrimonio cultural de Galicia.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
4	Que frío vai!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel, empregando o vocabulario topolóxico básico.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece relacións causa-efecto a partir a observación dalgúns fenómenos naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece diferentes profesións.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica elementos propio do patrimonio cultural de Galicia.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
5	Reciclamos!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer situacións susceptibles de medir e cuantificar.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identifica algunhas situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar empregando o corpo ou outros materiais.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Ten unha actitude de respecto e coidado cara ao medio natural e os animais.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa en festas, costumes e tradicións, propias e alleas.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identifica elementos propios do patrimonio cultural de Galicia.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
6	As galiñas!	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Mostra unha actitude de respecto e coidado cara ao medio natural e animal.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica trazos comúns e diferentes entre os seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece distintas profesións e valora as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
7	As verduras da nosa horta	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	TI
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer situacións susceptibles de medir e cuantificar.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identifica algunhas situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Habilidades do pensamento computacional. - respecto e protección do medio natural. respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A práctica educativa na Educación Infantil permite diferentes enfoques metodolóxicos, máis é preciso considerar algunhas ideas fundamentais que teñen que sustentar a acción didáctica. Estes principios ofrécense como referentes que permiten tomar decisións metodolóxicas fundamentadas para que, en efecto, a intervención pedagóxica teña un sentido inequivocamente educativo.

Para desenvolver as competencias clave cómpre traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas; así, propoñeranse tarefas e retos que inciten ós nenos e ás nenas a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Dende a metodoloxía por proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria.

Nas aulas de infantil do CPI de San Vicente, terase en conta os seguintes principios metodolóxicos esenciais:

- Principio de globalización e aprendizaxe significativa:

O principio de globalización permite que os nenos e as nenas aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global, aproximando aos nenos ao que teñen que aprender dende unha perspectiva integrada e diversa.

Atendendo a este principio, o proxecto tratará os contidos do nivel da Educación Infantil de forma global, interrelacionando as tres áreas ou ámbitos de experiencia que forman o currículo.

Organízanse así os contidos en unidades didácticas significativas para o neno e a nena, que, partindo dos seus propios intereses, vinculan debida e ordenadamente os elementos informativos novos cos que xa posúen.

Os nenos e nenas aprenden construíndo, reinterpretando de maneira compartida coas demais persoas os coñecementos e saberes da cultura en que viven. Aprender de forma globalizada supón establecer múltiples e substantivas relacións entre o que xa sabe ou viviu e aquilo que é unha nova aprendizaxe. Estas relacións prodúcense máis facilmente cando os educadores fan de mediadores, partindo dos coñecementos previos e axudando os nenos e as nenas a ampliar os seus saberes.

Aprender de forma significativa e con sentido permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e contextos. Outro dos requisitos para aprender significativamente é que o neno e a nena teñan unha disposición positiva cara á aprendizaxe e estean motivados para aprender.

- Principio de actividade:

O neno coñece a realidade actuando sobre ela, por isto incidiremos en actividades que impliquen a observación, a exploración, a manipulación, a investigación que favoreza actividades de curiosidade e de búsqueda de respostas.

Nesta etapa educativa enténdese como actividade calquera tipo de proposta ou situación que invite a nenas e nenos a elaborar representacións do que pretende facer, do que se podería facer ou do que se fixo, para axudarlle a ser capaz de obter información, imitar, representar, comunicar e reflexionar sobre a súa propia actividade, lembrar experiencias ou predicir consecuencias. Así, os pequenos coñecen o mundo que os rodea, estruturan o seu propio pensamento, controlan e orientan futuras experiencias e descubren as súas emocións e sentimentos. As propostas e actividades deben ser variadas e axustadas aos distintos ritmos e estilos cognitivos dos nenos e das nenas que integran o grupo. Segundo a intencionalidade educativa que se ten, o momento en que se presentan ou o tipo de aprendizaxe que se quere xerar habería que propoñer situacións de distinto tipo.

- Principio da actividade lúdica:

A través dos xogos, nenas e nenos aproxímanse ao coñecemento do medio que os rodea, ao pensamento e ás emocións propias e dos demais. Polo seu carácter motivador, creativo e pracenteiro, a actividade lúdica ten unha importancia clave na Educación Infantil.

A potencialidade educativa do xogo outórgalle a este un triplo carácter: debe ser tratado como obxectivo educativo, porque ten que ensinársese a xogar como contido, xa que son moitas as aprendizaxes vinculadas aos xogos que os nenos e nenas poden construír e como recurso metodolóxico porque a través do xogo se poden realizar aprendizaxes referidas ás diversas áreas de coñecemento e experiencia.

- Principio de socialización:

A nosa programación atende tamén ao principio de socialización. O egocentrismo é un trazo propio nestas idades e é necesario que o superen. Neste sentido, o proxecto propón gran cantidade de actividades de grupo nas que os nenos e as nenas aprenderán comportamentos e normas, así como a compartir, a respectar, a participar e, en definitiva, a relacionarse cos demais.

Hai que valorar constantemente a participación, o compañeirismo, a axuda e o respecto cara aos demais, de tal forma que o neno e a nena se sintan inclinados a repetir eses comportamentos que lles reportan gratificacións afectivas e a superar o egocentrismo propio desta idade, desenvolvendo a súa capacidade de relación, a súa autonomía e a súa independencia.

A configuración do ambiente: marco do traballo educativo:

A configuración do ambiente é un dos eixes onde se asenta o significado da acción dos nenos e das nenas, para permitir ou inhibir o desenvolvemento das súas potencialidades.

O traballo de planificación do ambiente na escola infantil é transcendente para os diversos procesos de relación,

crecemento e aprendizaxe da comunidade educativa. O ambiente na escola infantil onde se vive e co que se interactúa envíanlles constantes mensaxes aos nenos e ás nenas e ás persoas adultas, que inflúen na súa maneira de actuar ao favorecer ou dificultar determinadas accións, actitudes e interaccións. O profesorado que exerza a titoría ten que cuestionarse de maneira permanente que medio físico, afectivo e relacional ofrecen e se este é coherente coa súa formulación educativa.

- Principio de colaboración con las familias:

A educación dos nenos/as non é só papel da escola, senón que tamén dos pais, polo que é preciso establecer lazos de comunicación entre ambas institucións, xa que ambas, familia e escola, son fundamentais no proceso de aprendizaxe dos rapaces. Debe existir unha continuidade entre o que fan dentro da escola e o que fan fóra dela polo que debe darse unha relación fluída entre ambas partes, e deste xeito haxa uns criterios comúns e unha pautas homoxéneas de actuación que favorezan o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos/as.

É preciso mencionar que esta metodoloxía será empregada en ámbalas dúas aulas de EI, as cales traballarán, como se pode ver na programación, os mesmos proxectos/unidades didácticas, adaptando en todo momento, as tarefas e actividades que se levarán a cabo, a idade dos discentes e ao ritmo de aprendizaxe de cada un dos nenos/as. Polo tanto, parte das actividades serán comúns aos tres grupos de idade, levando a cabo multitude de actividades conxuntas. Por esta razón, as unidades didácticas e a descripción das mesmas son comúns aos tres niveis.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, PDI, conexión a internet, cámara de fotografía e cando sexa posible empregaremos o material do que disporá o colexio relacionado cos Polos Creativos.
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, pasta de modelado...
Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico (cocinita, bebés, banco de ferramentas...)
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, monte, etc)
Instrumentos musicais.

Estes materiais que se empregarán nas aulas de EI están distribuídos do seguinte xeito:

- Material de aula: Cada aula disporá de diferentes materiais para poder levar a cabo as tarefas/actividades cotiás. Ámbalas dúas clases disporán de materia artístico propio, material de xogo simbólico, etc.

-Material compartido de EI: este curso académico as dúas aulas de EI traballaremos de xeito conxunto parte das tarefas que se recollen na programación, polo cal habilitamos un espazo común para as dúas aulas (empregamos tanto a aula de materia que esta valeira no edificio de EI, como o hall de entrada). Nestes espazos dispoñemos de

material común tal como: mesa de luz, bandexas de escritura sensorial, minimundos, etc.

- Espazos comúns do centro: Trátanse de espazos que podemos empregar todo o profesorado do centro como son: Aula destinada aos Polos Creativos e biblioteca. Ámbalas dúas aulas de infantil farán uso común destes espazos para desenvolver diferentes actividades ao longo de todo o curso escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. A xuntanza para realizar esta avaliación inicial levarase a cabo o día 28 de setembro, e para o que se terá en conta:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións do alumno/a: plásticas, escritas, musicáis, etc
- Información aportada polas familias ou tutores legais.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lincguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidaas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adeuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.

- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Solicitaremos ao longo do curso diferentes contacontos para traballar os temas transversais como a igualdade de xénero.	X		
Saída de campo	Realizaremos saídas pola contorna para visualizar o paso no tempo, e identificar elementos propios da zona.		X	
Proxectos medioambientais	Poderáse participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.		X	
Teatro	Actividades lúdica para ver a representación dun conto traballado na clase en lingua inglesa.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Vista a unha granxa	Na unidade 6 os nenos/as aducirán a visitar a unha granxa.		X	
Saída de fin de curso.	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Temporalización de actividades adecuada.
Metodoloxía empregada
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.

Descrición:

Trálas avaliacións do alumnado, os mestres que imparten clase en EI, valoraremos a práctica docente tendo en conta os indicadores de logro establecidos. Tras esta avaliación da programación poderanse realizar as diferentes modificacións que se estimen oportunas para que o proceso de aprendizaxe dos nenos/as sexa o máis axeitado posible as súas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados